

O Concello de Pontedeume, a través da súa área de Igualdade, impulsará ao longo do presente ano un programa de formación dirixido a promover a perspectiva de xénero. Esta iniciativa enmárcase nas accións prioritarias do goberno local para fomentar políticas, estratexias e servizos que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias eumesas e a corresponsabilidade.

Para a posta en marcha deste programa, o Concello solicitou unha subvención á Consellería de Promoción do Emprego e a Igualdade, ao abeiro da Orde que regula as liñas do Plan Corresponsables.

A primeira acción prevista será a organización dun Curso de Monitora/Monitor de Actividades de Tempo Libre. O programa formativo incorporará un módulo específico sobre novas masculinidades igualitarias, orientado á reflexión crítica sobre os roles tradicionais de xénero e á promoción de modelos baseados ao respecto, na corresponsabilidade, na xestión emocional saudable e na igualdade real entre mulleres e homes. Esta formación pretende contribuír á construción dunha sociedade máis xusta, igualitaria e libre de violencias machistas.

Ademais, o persoal participante contará con ferramentas prácticas para traballar estes contidos con infancia e xuventude, favorecendo a educación en valores de igualdade dende idades temperás. A iniciativa busca xerar un impacto a medio e longo prazo na comunidade eumesa, promovendo cambios culturais que impulsen relacións máis igualitarias e unha distribución equilibrada das responsabilidades familiares e sociais.

O curso dará comezo a mediados do mes de marzo e finalizará no mes de xuño. As persoas interesadas poden solicitar información e formalizar a súa inscrición no departamento de servizos sociais municipais ata o vindeiro 10 de marzo.